

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

*Decreto 355/1994, do 4 de decembro, polo que se regula o traslado de animais e se aproban os modelos oficiais de autorización oficial de traslado.*

Polo Decreto 200/1991, do 13 de xuño, reestrutúranse e defínense as funcións dos servicios oficiais veterinarios ó servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os servicios veterinarios oficiais de sanidade e produción animal, dependentes da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, teñen encomendadas, entre outras funcións, a de control técnico da circulación e transporte de gando.

Pola súa parte, o artigo 17 da Lei de epizootias, do 20 de decembro de 1952, establece que para a circulación de gando os inspectores veterinarios deben expedir no punto de orixe o correspondente documento que acredite que os animais proceden de zona non infectada e que non padecen enfermidades infecto-contaxiosas ou parasitarias propagables.

A evolución que desde esa data houbo nos sistemas productivos, cambios de estruturas, comportamento das enfermidades animais e medios de loita dispoñibles para combatelos, tratamentos terapéuticos, etc., deu lugar a que no control do movemento pecuario, segundo a sistemática seguida, non se obtiveran os resultados previstos.

Neste sentido, é necesario introducir algúns elementos que, en desenvolvemento da Lei de epizootias, se adecúen ás circunstancias actuais, como son: a confección; forma de emisión, utilización e control da documentación sanitaria no movemento pecuario; os avances técnicos existentes na loita e presenza das enfermidades animais; o maior grao de organización e profesionalización do sector produtor; a eliminación dos factores intrínsecos e extrínsecos que distorsionan o control no movemento de animais e, polo tanto, o perigo que supoñen cando se acadaron uns altos niveis sanitarios do gando e as repercusións que poidan ter sobre a saúde pública.

Por outra banda, resulta conveniente adecuala desinfección dos vehículos dedicados ó transporte de animais á realidade actual, substituíndo a certificación e etiquetado establecido no Regulamento de epizootias por unha declaración escrita do transportista.

Para que a limpeza e desinfección dos vehículos sexa efectiva na circulación do gando, sen maiores trabas administrativas e burocráticas, é necesario que o transportista se faga responsable directo do seu cumprimento, xustificando a desinfección por medio dunha declaración escrita que levará durante o transporte, sen prexuízo de que cando o vehículo acceda a un mercado gandeiro ou a un matadoiro, se deba realiza-la limpeza e desinfección do vehículo cos medios existentes en tales recintos.

En consecuencia, de acordo coas competencias asumidas pola Comunidade Autónoma en materia de agricultura e gandería, ó abeiro do artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía, por proposta do conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catro de decembro de mil novecentos noventa e catro,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

O traslado de animais fóra da área veterinaria da súa residencia irá amparado e acompañado durante todo o traxecto pola autorización oficial de traslado, expedida polo veterinario oficial de sanidade e produción animal ou veterinario autorizado correspondente á área veterinaria de residencia do solicitante da autorización.

O gando vacún, ovino e caprino poderá circular no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia unicamente con copia compulsada polos servicios veterinarios oficiais de sanidade e produción animal ou fedatario público do documento oficial de cualificación sanitaria da explotación denominado: explotación cualificada sanitariamente, no que os animais estean rexistrados e que acompañará o animal ou animais durante o traslado.

#### Artigo 2º

Sen prexuízo do disposto no parágrafo 1º do artigo seguinte, a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias poderá esixir que o traslado de animais dentro do ámbito dunha comarca veterinaria se ampare obrigatoriamente nunha autorización oficial de traslado de xeito particular ou excepcional e sempre porque as condicións sanitarias así o requiriran.

#### Artigo 3º

É obrigatoria a obtención da autorización de traslado para a circulación e transporte de animais de abasto ata o matadoiro, aínda no caso de que este se atope na mesma comarca veterinaria que a explotación de orixe, se non están rexistrados no documento oficial expedido pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes correspondente á última campaña de saneamento gandeiro.

#### Artigo 4º

Cando o solicitante da autorización oficial de traslado non sexa o titular, encargado ou representante legal da explotación de orixe dos animais que se van trasladar, deberá acreditar documentalente, mediante o libro de explotación ou trato e factura, a adquisición destes animais.

#### Artigo 5º

Unha vez que os animais cheguen á explotación de destino, o titular deste deberá entrega-la autorización de traslado ou documento de acompañamento (explotación cualificada sanitariamente) na oficina veterinaria da súa comarca nun prazo máximo de cinco días.

Se as partidas de animais chegan a unha explotación autorizada para o comercio pecuario, o titular desta en-

tregará na oficina veterinaria da súa comarca a autorización de traslado e/ou a documentación oficial de cualificación sanitaria, así como os destinos definitivos dos animais; todo isto sen prexuízo da obriga imposta ó novo propietario de comunicar a incorporación do animal dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior e de inscribilo no libro de explotación.

Os titulares dun matadoiro conservarán a documentación de acompañamento dos animais sacrificados e marcas de identificación, que deberán estar á disposición dos servizos oficiais para a súa consulta e destrución, respectivamente. Non obstante, e con periodicidade quincenal, daráselles traslado ós servizos veterinarios oficiais da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes dun listado de animais sacrificados no que constará, polo menos o número de identificación do animal e o da explotación de orixe.

#### Artigo 6º

Os animais ou partidas de animais que se trasladen sen estaren acompañados pola correspondente autorización oficial de traslado, sexan trasladados a un destino diferente; a súa identificación non se corresponda cos documentos ou estes estean deficientemente cubertos, serán considerados sospeitosos de sufrir enfermidade infecto-contaxiosa ou parasitaria. Nestes casos, serán inmovilizados ata que sexa comprobada a súa idoneidade, sendo por conta do propietario, tratante ou transportista, os gastos que se orixinen, e poderán ser destinados a sacrificio.

Se con ocasión dun control efectuado en tránsito (durante o transporte), cómpre realizar a inmovilización en destino, esta non poderá exceder de tres días, contados a partir da chegada ó destino, salvo que o último día sexa inhábil, caso no que se prorrogará ó primeiro día hábil seguinte. Neste caso, o transportista terá a obriga de comunicarllo por escrito ó destinatario dos animais, xa que doutro xeito, será el o responsable do incumprimento da inmovilización.

#### Artigo 7º

Os animais das especies vacúa, ovina, caprina, porcina e as colmeas, previamente á solicitude da autorización oficial de traslado, estarán identificados individualmente coas marcas oficialmente aprobadas.

Nas aves, coellos e animais de pelotería identificaranse as gaiolas no caso de trasladar partidas de varias procedencias. Se tódolos animais proceden da mesma explotación e teñen o mesmo destino, identificarase o vehículo mediante as marcas oficialmente aprobadas. Se os destinos foran diferentes identificaranse tódalas gaiolas.

Os équidos e os seus híbridos circularán acompañados do pasaporte ou reseña completa. Se o seu destino é o sacrificio, circularán con media reseña.

Aquelas especies non previstas nos apartados anteriores, ó seren trasladadas irán acompañados da correspondente autorización oficial de traslado na que se faga reseña do animal ou animais transportados.

Os animais amparados polo Convenio de Washing-

ton, sobre comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres (CITES), deberán exhibir-lo dito certificado para poderen obter a autorización oficial de traslado

#### Artigo 8º

Establécese un novo modelo de autorización oficial de traslado que garante a orixe e sanidade dos animais así coma a cualificación sanitaria das explotacións de onde proceden os animais.

O modelo (anexo A) de autorización oficial de traslado é único para tódalas especies, coa excepción do establecido no parágrafo segundo do artigo 1 e na disposición adicional 1ª.

Poderán utilizarse para a súa confección os medios técnicos e informáticos dispoñibles.

#### Artigo 9º

A autorización oficial de traslado constará de tres exemplares. O primeiro acompañará os animais durante o traslado; o segundo remitirase á oficina veterinaria comarcal ou ós servizos veterinarios oficiais da Comunidade Autónoma onde estea situada a explotación de destino, ou en caso de sacrificio, ós inspectores veterinarios de saúde pública do matadoiro; o terceiro quedará para o arquivo na oficina veterinaria comarcal que expida o documento.

#### Artigo 10º

A autorización de traslado estará cuberta en tódalas súas partes, carecendo de validez as que estean parcialmente cubertas, teñan emendas ou riscaduras, ou non estean inutilizados os espazos ou textos que non procedan ou non sexan utilizados.

#### Artigo 11º

Se por razóns de extrema urxencia debe procederse ó traslado de animais para sacrificio fóra do horario de atención ó público, estes circularán cun informe do veterinario que atende o/os animal/is, no que se farán constar os seguintes datos:

- a) Nome, apelidos e enderezo do titular da explotación, así como o CEA (código de explotación agraria).
- b) Nº de identificación ou reseña do/dos animal/is.
- c) Motivo de extrema urxencia que dea lugar ó traslado para sacrificio.
- d) Tratamento/s realizado/s sobre o/os animal/is.
- e) Identificación do veterinario que realiza o informe, con nome, apelidos e DNI.

#### Artigo 12º

A desinfección de vehículos é obrigatoria no transporte de gando, debendo realizala o transportista cos seus propios medios con anterioridade ó traslado, e facéndoo constar así mediante unha declaración escrita de limpeza e desinfección, que pode estar incluída, se é o caso, na correspondente autorización oficial de traslado.

Non obstante, tódolos vehículos autorizados para o

transporte de animais que accedan a mercados gandeiros e/ou matadoiros, non poderán abandonar os seus recintos sen que foran lavados e desinfectados cos medios que estes posúan.

#### Artigo 13º

A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes poderá establecer medidas complementarias e adicionais ás sinaladas no artigo anterior, para a desinfección dos vehículos dedicados ó transporte de animais, se as condicións sanitarias así o requiren.

#### Disposicións adicionais

Primeira.—Este decreto non será de aplicación ós animais de compañía que sexan trasladados sen ánimo de lucro polos seus propios donos ou coidadores nin ós animais que, como consecuencia da campaña de saneamento, deban ser sacrificados, que irán acompañados da autorización de traslado específica.

Segunda.—Sen prexuízo do disposto no artigo 1 do presente decreto, o movemento de animais con destino a un estado membro realizarase cos documentos e nas condicións que se establecen na lexislación básica estatal e comunitaria.

Terceira.—As infraccións ó disposto no presente decreto serán consideradas como moi graves e sancionaranse de acordo coa Lei do 20 de decembro de 1952, o Regulamento de epizootias, do 4 de febreiro de 1955, e o Real decreto 1.665/1976, de actualización de sancións.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.—Facúltase o Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes para dictar as normas de desenvolvemento que a aplicación do presente decreto requira.

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catro de decembro de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Tomás Pérez Vidal  
Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 30 de novembro de 1994 pola que se resolve o concurso público para a concesión de axudas para a formación de profesores en novas titulacións convocado como anexo II da Orde do 9 de xuño de 1994 (DOG do 21 de xuño).*

A Orde do 9 de xuño de 1994 (DOG do 21 de xuño) pola que se aproban as bases que rexerán as convocatorias de bolsas e axudas de apoio á formación e actualización do profesorado universitario prevé, no seu anexo II, a concesión de axudas para a formación de profesores en novas titulacións.

Por resolución da Dirección Xeral de Universidades e Investigación do 19 de outubro de 1994 (DOG do 2 de novembro) e de conformidade coa base 8 do aludido anexo II, fíxose pública a relación provisional de beneficiarios das referidas axudas. No apartado segundo da devandita resolución, fíxabase un prazo de dez días contados a partir do seguinte ó da publicación da mesma no DOG co fin de que os interesados, de se-lo caso, formulasen as reclamacións oportunas.

Rematado este prazo, estudadas as reclamacións presentadas pola Comisión de Selección de Política Científica, creada polo Decreto 160/1991, do 16 de maio (DOG do 28 de maio) e orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 27 de xullo de 1994 (DOG do 10 de agosto), esta consellería, de acordo coa proposta de resolución elaborada pola dita comisión,

#### DISPÓN:

Artigo 1º—Acórdase concederlles bolsas ás persoas que se relacionan no anexo da presente orde, durante o período que se especifica e na contía que se sinala en cada caso.

Artigo 2º—Os pagamentos das bolsas faranse de acordo co establecido no punto 4 das bases da convocatoria.

Artigo 3º—A inobservancia por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde de convocatoria do 9 de xuño de 1994, suporá a perda do dereito a percibir a subvención correspondente.

Artigo 4º—A presente disposición pon fin á vía administrativa segundo o disposto no artigo 109 c) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 1994.

Juan Piñeiro Permuy  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria